

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024/2025

1. Representación das familias nos Consellos Escolares do CEIP CASÁS.
2. Representación das familias na assemblea de FAPACEL.
3. Participacións en xuntanzas co equipo directivo do colexio e có inspector de educación.
4. Xestión de subvencións e outras tarefas administrativas e burocráticas de mantemento da asociación.
5. Organización e supervisión das actividades extraescolares (**baloncesto, karate, atletismo, patinaxe, cociña creativa e natación**).
6. Ciclo de Teatro profesional da Vicedeputación de Lugo Área de Cultura: “**O vixilante dos soños**” con UBÚ TEATRO.
7. Festa de **SAMAÍN** có concurso de merendas saudables, inchables, obradoiro de decoración de calacús e animación musical.
8. Organización da actividade “**ROTEIROS SAUDABLES**” pola contorna para toda a Comunidade Educativa: En Outubro: Visita guiada con Guido Guía polo Lugo menos coñecido e paseo polo arte urbano. O resto do curso participamos conxuntamente có resto das ANPAS da cidade na actividade **ROTEIROS POLA COMARCA**.
9. Obradoiro “**Cuquiñas pola diversidade**” para o alumnado de 4º E.P. Ofrecido pola Federación de Asociacións de Lugo (FADAS) e subvencionado pola Deputación de Lugo.
10. Visita para o alumnado de 2º E.P. á **GANDEIRÍA O PALOMAR** e para o alumnado de 1º E.P. a **TRALOAGRO** dentro do programa DA ESCOLA Á GRANXA subvencionado pola Deputación de Lugo, Medio Rural.
11. Actividade para todo o alumnado dentro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero subvencionada pola Consellería de Política Social e Igualdade e o Ministerio de Igualdade **EN IGUALDADE... HAI MOITO QUE FACER!**
 - ACTUACIÓN ESCOLAR : “UN PAI EN APUROS” de MIRCROMINA TEATRO DE TÍTERES
 - Traballo en aula con DEBATES GUIADOS e CADERNO DE ACTIVIDADES.
12. Escola de Familias coa impartición de 2 obradoiros: **CORRESPONSABILIDADE. PROBLEMÁTICAS E ESTRATEXIAS** formación encadrada dentro do pacto de

estado contra as violencias machistas e financiada pola Consellería de Igualdade e o Ministerio de igualdade.

13. Contacontos para alumnado de 6º E.I.: “**O COCIÑEIRO DE HISTORIAS**” actividade subvencionada polo Concello de Lugo (Alcadía, Igualdade e Inclusión) para proxectos destinados a actividades en materia de promoción da igualdade de xénero (incluída a erradicación de violencias machistas), da integración da muller e da diversidade afectivo-sexual.
14. Obradoiro do **Proxecto Heroes de FAST** para a detección precoz do ictus en 2º E.P. Solicitado pola ANPA ao COE de Lugo.
15. Festa de **NADAL**: Inchable para os máis peques e maiores, sorteo dunha cesta de Nadal con material de papelería, xogos populares, pintacaras e música tradicional.
16. Venta de lotería de Nadal.
17. Visita da **APALPADORA** para o alumnado de infantil, actividade ofrecida pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo Área da Cultura e solicitada pola ANPA.
18. Participación no programa de acompañamento **Camión ás Aulas**, Vieiros Seguros, organizado polo Concello de Lugo.
19. Participación no **ARDE LUCUS**, coa organización de entrega de telas para a realización dos traxes e preparación do desfile, ademais dun obradoiro de complementos.
20. Obradoiro de pulseiras para o Mercadiño Solidario, no cal colaboramos de maneira solidaria, para a recadación de fondos para a construción dun parque infantil no HULA para pacientes pediátricos ingresados.
21. Difusión sobre actividades socioculturais no Concello de Lugo e os seus arredores.
22. Difusión de formacións on line e presenciais, organizadas por diferentes entidades de interés para as familias.
23. **FESTA FIN DE CURSO**: Con inchables, animación musical, merenda e festa da espuma.